



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com

xuño 2010

Na Universidade tamén!!!

Defendamos o sector público fronte aos recortes e precarización: **FOLGA 8 DE XUÑO**

AS NOVAS RETRIBUCIÓNS A PARTIR DO 1 DE XUÑO DE 2010 PARA O PROFESORADO UNIVERSITARIO

O RECORTE NAS NÓMINAS E NA PAGA EXTRA DE DECEMBRO

Exemplos	Nómina mensual		Diferenza mensual	Paga extra		Diferenza paga extra	Total perda salario 2010
	Até 31/05	Dende 1/06		Xuño	Decembro		
Catedrático de Universidade	3.107,23 €	2.957,69 €	-149,54 €	3.107,23 €	2.472,26 €	- 634,97 €	- 1.681,75 €
Titular de universidade e Catedrático de E. Universitaria	2.480,14 €	2.361,96 €	-118,18 €	2.480,14 €	1.876,53 €	- 603,61 €	- 1.430,87 €
Titular de Escola Universitaria	2.193,28 €	2.089,44 €	- 103,84 €	2.193,28 €	1.604,01 €	- 589,27 €	- 1.316,15 €
Contratado doutor	2.480,14 €	2.361,96 €	-118,18 €	2.480,14 €	1.876,53 €	- 603,61 €	- 1.430,87 €

O RECORTE NOS TRIENIOS

TRIENIOS	Até 31/05	Dende 1/06	Na paga extra de decembro
Valor de cada trienio	44,65 €	42,65 €	23,98 €

Notas:

- As retribucións aquí sinaladas **comprenden**: *Soldo, complemento de destino e complemento específico común.*
- **Non se contemplan**: trienios, ou outros complementos específicos: *cargo, méritos docentes, produtividade por actividade investigadora, formación e/ou autonómicos (labor docente, labor investigadora, excelencia curricular, xestión).*
- **A perda real do salario será substancialmente moito maior se se aplica o 5% aos complementos enriba sinalados, tal como pretende a administración central, aínda que sobre isto ten competencias a propia universidade.**

Cómpre lembrar que a situación actual de crise económica é produto da desregulación dos mercados que facilitou os movementos especulativos, respondendo así a unha concepción neoliberal da economía que sostén a necesidade de privatizar os servizos e desmantelar o sector público. Diante disto, en lugar de corrixir esta política que nos levou ao desastre económico, o goberno español está a tomar medidas que afondan nos mesmos erros, incidindo no deterioro da ad-

ministración coa conxelación das ofertas de emprego público, externalización de servizos e, finalmente, coa pretensión da redución dos salarios dos empregados e empregadas públicos/as.

Para lexitimar estas medidas, vimos asistindo a unha campaña de desprestixio dos traballadores e traballadoras da administración co obxecto de dividir a clase traballadora e xustificar os ataques contra o sector público. Durante meses socializouse a culpabilidade da situación económica, mediante

propaganda específica na que se nos dicía que todos debiamos arrimar o ombro, co fin de preparar o terreo para espremer os sectores máis desfavorecidos (como pensionistas e dependentes) ou para servir de coartada para baixar as retribucións dos traballadores/as. Mesmo chegaron a difundir unha imaxe dos funcionarios/as como privilexiados/as, cando tamén nas administracións atopamos precariedade, eventualidade e salarios que non chegan aos mil euros. O certo é que os

FOLGA 8 DE XUÑO

Para que o diñeiro dos traballadores/as non vaia para os especuladores/as

MANIFESTACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Praza do Toural ás 11:30

A CORUÑA

Praza da Palloza ás 11:30

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43 ás 12:00

Pontevedra

Praza da Ferrería ás 11:30

Lugo

Ronda de Muralla, 58, ás 12

Ourense

Pavillón dos Remedios ás 11:30

Vigo

A Doblada ás 11:30

traballadores e traballadoras da administración levamos anos acumulando unha perda de poder adquisitivo que excede o 12% de media, por mor das políticas de conxelación salarial, ás que agora se pretende engadir o recorte dos salarios nun 5% como mínimo.

En contraste con isto, destacan os elevados beneficios da banca europea durante o ano 2009 que ascenderon a 50.000 millóns de euros e das grandes empresas españolas que chegaron a repartir 32.000 millóns de euros de dividendos, grazas aos beneficios acumulados durante ese mesmo período.

En calquera caso, estes ataques contra os empregados/as públicos/as non responden a unha estratexia redistributiva da riqueza, co obxectivo de desviar estes fondos re-traidos ao resto dos traballadores/as ou desempregados/as e sectores populares, senón que é o primeiro paso na dirección contraria, isto é, deteriorar as condicións laborais e as prestacións sociais. En definitiva, é o camiño contrario á solución a esta crise económica, provocada polos que agora impoñen estas receitas para paliar os seus efectos.

Fronte á actitude prepotente que se adopta cos traballadores e traballadoras, atopamos a covardía dos estados, incapaces de abordar políticas que camiñen cara a mudar

o modelo económico actual. Até o de agora non se fixo nada para controlar os mercados financeiros, permitindo que a banca privada -que recibiu fondos públicos e recursos dos bancos centrais a prezos de saldo- utilice os fondos recibidos do goberno para seguir a especular nos mercados financeiros.

Fronte a iso, a CIG considera que se poden adoptar moitas outras medidas como é o control dos mercados financeiros para evitar a especulación, os paraísos fiscais e a evasión de capitais; unha fiscalidade progresiva, recargar as grandes fortunas e perseguir a fraude fiscal; incrementar o gasto social e reducir os gastos militares (intervencións imperialistas como a de Afganistán), eliminar subvencións ao ensino privado (259 millóns € na Galiza), eliminación dos ministerios de materias que teñen transferidas as competencias, eliminación das Deputacións e subdelegacións do goberno, plus dos altos cargos, subvencións á igrexa, etc. En definitiva hai centos de medidas para reducir o déficit sen que carguen os custes sobre o lombo dos/das traballadores/as e sen diminuír o investimento produtivo e que se non se levan a cabo é porque van contra os intereses dos causantes e beneficiarios desta crise.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
15706. Santiago de Compostela.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
15007. A Coruña
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

Avda de Galicia 20, 1º
27700. Ribadeo
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com